



*Orde do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social, e se convocan para os anos 2018 e 2019.*

## **PROPOSTA DE ACTIVIDADES**



## **1 CHARLAS, CONFERENCIAS E VISITAS FORMATIVAS.**

### **1.1 Finalidade**

Servirán para divulgar o cooperativismo e a economía social e fomentar o emprendemento a través destes modelos, así como para medir, empregando como mostra os participantes, o grado de coñecemento da sociedade sobre a economía social, así como os prexuízos e barreiras existentes na percepción da cidadanía.

### **1.2 Contido e plan de traballo**

Establécese como obxectivo impartir un total de 33 charlas, de aproximadamente unha hora cada unha. A **innovación** que se introduce é a aplicación dunha metodoloxía participativa e bidireccional, na que a/o docente, ademais de proporcionar información de utilidade aos participantes, realiza dinámicas e/ou enquisas cuxos resultados observa e analiza co obxecto de mellorar a estratexia de difusión do cooperativismo e a economía social.

Cando menos 1 destas charlas será formulada no seu contido e terá como **colectivo destinatario mulleres**, e 1 será formulada no seu contido e terá como colectivo destinatario persoas con **diversidade funcional**.

### **1.3 Persoas destinatarias**

Son persoas destinatarias desta actividade: alumnos de centros educativos de todos os niveis (primaria, secundaria e universidade), usuarios de servizos de emprego dos concellos e outras entidades, persoal técnico e persoas emprendedoras. Estímase un número total de 330 persoas beneficiarias.

### **1.4 Medios**

Ver apartado 6

### **1.5 Cronograma**

Ver apartado 7.

### **1.6 Capacidade profesional das persoas que vaian desenvolver as actividades**

Ver apartado 8.

### **1.7 Orzamento**

Ver apartado 9.

### **1.8 Lingua utilizada no desenvolvemento das actividades**

Empregarase a lingua galega.

## **2 ASESORAMENTO E ACOMPAÑAMENTO A GRUPOS PROMOTORES OU A ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL PREEXISTENTES**

### **2.1 Finalidade**

Posta en marcha de novos proxectos ou consolidación do negocio.

### **2.2 Contido e plan de traballo**

Realizarase de conformidade co «Itinerario do emprendemento en economía social», dentro do cal, de acordo coa experiencia previa, se estima alcanzar os seguintes obxectivos e adicar as horas sinaladas:



<b>ITINERARIO DE EMPRENDIMIENTO EN ECONOMÍA SOCIAL</b>			
<b>Secuencia modelo de negocio</b>	<b>Horas mínimas</b>	<b>Casos en 12 meses</b>	<b>Horas</b>
Presentación do proxecto por parte do grupo promotor e identificación das fortalezas e debilidades do grupo, así como do perfil das persoas emprendedoras do proxecto.	4	12	48
Deseño do modelo de negocio	6	12	72
Validación do modelo de negocio	5	6	30
<b>Programa de consolidación</b>			
Planificación estratéxica	14	3	42
Xestión de proxectos de economía social	18	2	36
Planificación operativa (plans de soporte e saltos de escala)	8	1	8
<b>Elementos transversais</b>			
Viabilidade social do proxecto			
Planificación conxunta e deseño do itinerario	1	1	1
<b>Constitución de entidades de economía social</b>	4	1	4
<b>Total</b>			241
<b>Itinerarios completados</b>			1

### 2.3 Persoas destinatarias

As persoas destinatarias son persoas interesadas en emprender no eido da economía social, por compartir os seus valores e ter unha iniciativa apropiada. O seu número estímase en 36.

### 2.4 Medios

Ver apartado 6.

### 2.5 Cronograma

Ver apartado 7.

### 2.6 Capacidade profesional das persoas que vaian desenvolver as actividades

Ver apartado 8.

### 2.7 Orzamento

Ver apartado 9.

### 2.8 Lingua utilizada no desenvolvemento das actividades

Empregarase a lingua galega.

## 3 Elaboración, publicación e difusión de estudos, informes, e traballos de investigación.

### 3.1 Finalidade

Cofecer de forma profunda e ao mesmo tempo actualizada o estado da economía social no

territorio e difundilo co máximo alcance.

### **3.2 Contido e plan de traballo**

Está actuación constará e: a) un informe inicial, no que se recollan os datos de partida e se defina a metodoloxía, a elaborar no primeiro mes do programa; b) 10 actualizacións mensuais; e c) un informe final, que reflicta a evolución e resuma as principais conclusións do traballo.

A investigación documental analizará a información publicada pola Rede Eusumo e a existente en distintos rexistros e estudos socioeconómicos, e completárase cun traballo de campo consistente en visitas e entrevistas a protagonistas do sector. Desta maneira disporase dun coñecemento contrastado e actualizado da situación da economía social en Ferrolterra, unha fotografía constantemente actualizada da rede de entidades que a integran e os seus principais datos, así como de exemplos e casos prácticos explicados polos seus protagonistas. Como **innovación**, esta análise da situación obxectiva da economía social completárase cunha análise da percepción da economía social por parte de consumidores/as e persoas emprendedoras, a partir da observación participante realizada polo investigador-docente durante a impartición de charlas así como doutros indicadores (redes sociais, prensa, etc.).

Os informes publicaranse na web e redes sociais da Mancomunidade e enviaranse á Rede Eusumo para que sexan incorporados ao repositorio de estudos e investigacións desta rede, coa finalidade de que teñan a máxima difusión.

### **3.3 Persoas destinatarias**

Prevese que a difusión alcance a: a) persoas que participan na economía social, tanto vinculadas laboralmente a ela como beneficiarias ou consumidoras; b) persoas potencialmente participantes na economía social; e c) persoal das administracións que promoven a economía social e investigadores/as.

### **3.4 Medios**

Ver apartado 6.

### **3.5 Cronograma**

Ver apartado 7

### **3.6 Capacidade profesional das persoas que vaian desenvolver as actividades**

Ver apartado 8.

### **3.7 Orzamento**

Ver apartado 9.

### **3.8 Lingua utilizada no desenvolvemento das actividades**

Empregarase a lingua galega.

## **4 Elaboración de plan estratéxico plurianual para o desenvolvemento da economía social.**

### **4.1 Finalidade**

O desenvolvemento da economía social non se logra mediante actuacións puntuais e illadas. É preciso dispoñer dun plan estratéxico consensuado con distintos axentes, coherente coas liñas establecidas polas administracións superiores e adaptada ás características do territorio. Dito plan estratéxico será a ferramenta que permita progresar cara un obxectivo ao longo de varios anos e avaliar os resultados obtidos.

### **4.2 Contido e plan de traballo**

O traballo abarcará as seguintes fontes e obxectos de investigación:

- Información sobre a situación actual do territorio, obtida e analizada nos informes referidos no apartado 3.
- Contexto normativo e estatístico da economía social a nivel autonómico, estatal e europeo, e previsións de evolución.
- Información sobre outros territorios susceptibles de comparación con Ferrolterra.
- Entrevistas e reunións con técnicos municipais e de outras administracións e entidades vinculadas ao territorio.

O Plan estratéxico analizará esta información, presentará as conclusións mediante ferramentas de síntese (DAFO, CANVAS, etc.), e formulará unha proposta con liñas estratéxicas xerais e accións específicas, valoradas economicamente, e ordenadas cronoloxicamente e en función da súa prioridade.

O traballo resultante publicarase na web e redes sociais da Mancomunidade e enviaranse á Rede Eusumo para que sexa incorporado ao repositorio de estudos e investigacións desta rede e alcance a máxima difusión. Así mesmo, para simbolizar o compromiso das autoridades con este Plan Estratéxico, preténdese presentalo nun acto público.

#### **4.3 Persoas destinatarias**

Esta actividade destínase principalmente a representantes e técnicos das administracións e entidades que promoven o cooperativismo e a economía social no noso territorio, xa que o documento carece de sentido se non é asumido por quen pode asegurar a súa posta en práctica. Non obstante, o documento é de interese para o conxunto da sociedade e persoas participantes na economía social, actuais e potenciais.

#### **4.4 Medios**

Ver apartado 6.

#### **4.5 Cronograma**

Ver apartado 7

#### **4.6 Capacidade profesional das persoas que vaian desenvolver as actividades**

Ver apartado 8.

#### **4.7 Orzamento**

Ver apartado 9.

#### **4.8 Lingua utilizada no desenvolvemento das actividades**

Empregarase a lingua galega.

### **5 Mostra participativa do cooperativismo e a economía social de Ferrolterra.**

#### **5.1 Finalidade**

O obxecto desta actividade é dar a coñecer, a través dos seus propios protagonistas no territorio, a economía social ao maior número de persoas, así como fomentar a colaboración entre as entidades que participen no encontro.

#### **5.2 Contido e plan de traballo**

O evento contará con stands nos que as distintas entidades da economía social exporán a súa actividade ao longo dun día, e en distintos momentos da xornada terán lugar tanto conferencias

como dinámicas participativas que involucren ao público no significado emprender dentro da economía social.

### 5.3 Persoas destinatarias

Son destinatarios desta actividade profesionais da economía social, técnicos municipais e de outras administracións, persoas emprendedoras e cidadanía concienciada coa economía social ou interesada en descubri-la. Cuantifícanse de forma estimada 100 persoas.

### 5.4 Medios

Ver apartado 6.

### 5.5 Cronograma

Ver apartado 7

### 5.6 Capacidade profesional das persoas que vaian desenvolver as actividades

Ver apartado 8.

### 5.7 Orzamento

Ver apartado 9.

### 5.8 Lingua utilizada no desenvolvemento das actividades

Empregarase a lingua galega.

## 6 Medios

A persoa técnica responsable desenvolverá o seu labor na oficina de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social habilitada no Centro de emprego do Concello de Ferrol, sito en rúa Sagrada Familia, 56, Ferrol, que estará debidamente sinalizada e publicitada e dotada de todos os medios técnicos necesarios (mobiliario, equipamento informático, impresora, teléfono, material funxible, etc.).

Habilitaranse ademais dous puntos de información e atención de usuarios nos concellos de Fene e Cedeira, que serán atendidos con periodicidade semanal, coa finalidade de que o servizo sexa próximo aos potenciais usuarios de calquera punto do territorio da Mancomunidade.

En canto aos espazos para a celebración das charlas aproveitaranse os medios pertencentes aos concellos da Mancomunidade (centros de emprego, auditorios, etc.) e as instalacións dos centros de ensino e entidades que as acollan.

En canto á Mostra participativa estudarase a ubicación máis oportuna (en anos anteriores os principais eventos de promoción do cooperativismo celebráronse no centro municipal Torrente Ballester e na sede da Fundación Terra de Trasancos).

## 7 Cronograma

As actividades desenvolveranse de acordo co seguinte cronograma.

Actividade	2018			2019										
	out	nov	dec	xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xull	ago	set	out	
1. Charlas/conferencias/visitas formativas														
2. Asesoramento e acompañamento														
5. Elaboración, publicación e difusión de estudos e informes														
4. Elaboración, publicación e difusión de plan estratéxico plurianual														
5. Mostra participativa														



## 8 Capacidade profesional das persoas que vaian desenvolver as actividades

A persoa responsable do desenvolvemento das actividades terá como mínimo a titulación universitaria de diplomado/a e na súa selección se valorará a formación e experiencia acreditada no eido do cooperativismo e a economía social así como os coñecementos demostrados neste ámbito.

Os relatores que interveñan na Mostra Participativa (apartado 5) serán persoas representativas do sector e por tanto con ampla experiencia nel.

## 9 Orzamento

A continuación preséntase o orzamento, no que a subcontratación inicialmente prevista ascende ao 1,5 %. Todas as actuacións terán lugar na segunda anualidade conforme o cronograma incluído no apartado 7.

Actividade	Orzamento sen IVE	IVE	Orzamento	Subvención
<i>Charlas/conferencias/visitas formativas. Custos de persoal</i>	5.625,00 €	0	5.625,00 €	4.500,00 €
<i>Material divulgativo charlas. Subcontratación</i>	464,88 €	97,62 €	562,50 €	450,00 €
<b>1. Charlas/conferencias/visitas formativas (total)</b>	<b>6.187,50 €</b>	<b>0</b>	<b>6.187,50 €</b>	<b>4.950,00 €</b>
<b>2. Asesoramento e acompañamento. 2. Custos de persoal</b>	<b>8.525,00 €</b>	<b>0</b>	<b>8525</b>	<b>6.820 €</b>
<b>3. Elaboración, publicación e difusión de estudos e informes. Custos de persoal</b>	<b>7.726,73 €</b>	<b>0</b>	<b>7.726,73 €</b>	<b>6.181,38 €</b>
<b>4. Elaboración de Plan estratéxico plurianual. Custos de persoal</b>	<b>11.250,00 €</b>	<b>0</b>	<b>11.250,00 €</b>	<b>9.000,00 €</b>
<i>Mostra participativa. Custos de persoal.</i>	1.875,00 €	0	1.875,00 €	1.500,00 €
<i>Mostra participativa. Relatores.</i>	1.875,00 €	0	1.875,00 €	1.500,00 €
<b>5. Mostra participativa (total)</b>	<b>3.750,00 €</b>	<b>0</b>	<b>3.750,00 €</b>	<b>3.000,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>37.341,60 €</b>	<b>97,62 €</b>	<b>37.439,23 €</b>	<b>29.951,38 €</b>